



# The Jungle

---

**The Jungle** · Upton Sinclair / Peter Kuper · ComicsLit. 2004 48 páx. · 12 euros · Trad. española: **La jungla** · Norma. 2006 · 12 euros

---

**N**o ano 1906, o escritor norteamericano Upton Sinclair daba ao prelo **A xungla**. A novela, escrita en defensa do socialismo, resultou unha descarnada denuncia dos abusos que sufrían os traballadores dos matadoiros de Chicago e tivo unha importante repercusión social máis alá do seu peso literario. Agora, cen anos despois, Peter Kuper volve sobre ela con esta adaptación á banda deseñada, á que lle entrega o mellor do seu estilo expresionista e da súa visión crítica da realidade.

Kuper, que xa botara a mirada sobre as letras de Kafka, achégalle á historia do emigrante Jurgis Rudkus unha imaxe contundente que lle acae perfectamente á novela. O trazo esquemático que define aos personaxes de Kuper, cos seus ollos escuros, case inexistentes, dálles carácter aos personaxes e ao relato de Sinclair, que en ocasións podería semellar algo melodramático. Para alén diso, o tratamento de Kuper destaca o sentido de denuncia da obra traducindo en enorme força visual. E para iso tanto pode valerse de lembrar a propaganda política de principios do século pasado como achegarse ao cubismo do Gernika, tomando de varias fontes sen que ningunha das escollas sexa inocente.

Kuper consegue recoller os significados que van máis alá do texto e levalos ata a súa expresión gráfica. De súpito todo concorda. Por iso *The Jungle* é un moi recomendable tebeo, cunha imaxe gráfica impresionante e unha crítica que en esencia resulta aínda vixente. E Kuper semella un deses artistas que aínda confían en que a arte pode cambiar o mundo.

// maría lado